

SERVIZO DE ASISTENCIA E ORIENTACIÓN A VÍTIMAS DE DISCRIMINACIÓN RACIAL OU ÉTNICA

DO

CONSELLO PARA A ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN RACIAL OU ÉTNICA

Que é o Servizo de Asistencia e Orientación a Víctimas de Discriminación Racial ou Étnica?

- ✓ É un servizo estatal e gratuíto de asistencia a vítimas de discriminación racial ou étnica.
- ✓ Procura a **promoción da igualdade de trato e a non discriminación** de persoas pola súa orixe racial ou étnica.
- ✓ É competencia do **Consello para a Eliminación da Discriminación Racial ou Étnica (CEDRE)**, organismo dependente do Ministerio de Igualdade, a través da Dirección Xeral para a Igualdade de Trato e Diversidade Étnico Racial.
- ✓ Créase por mandato da **Directiva Europea 2000/43/CE**.

Cales son os seus obxectivos?

- ✓ Prestar **asistencia**, **asesoramento** e **orientación** ás persoas que sexan vítimas de discriminación pola súa **orixe racial ou étnica**, en calquera ámbito (i.e. *educación, vivenda, acceso a bancos, emprego, saúde, seguridade cidadá, medios de comunicación, etc.*).

Quen presta o Servizo?


- ✓ Dende o 15 de marzo de 2013, a **Fundación Secretariado Xitano** xestiona o Servizo do CEDRE, coordinando a súa actuación con outras sete entidades sociais especializadas na loita contra a discriminación racial ou étnica:



Que facemos dende o Servizo?

- ✓ Prestar **asistencia** e **orientación directa** a persoas que sufriran ou coñezan situacións de discriminación racial.
- ✓ Proporcionar **asesoría independente**, **apoio** e **acompañamento** ás persoas que sufriran discriminación/actores clave no proceso discriminatorio.
- ✓ **Rexistrar** e **investigar** incidentes discriminatorios.
- ✓ Desenvolver **accións de sensibilización e información** para promover a igualdade de trato e non discriminación.
- ✓ **Coordinación** periódica con **administracións** clave na loita contra a discriminación racial (Policía Nacional, Garda Civil, Fiscalía, SERGAS, Inspeccións de Traballo...).

Cal é a metodoloxía de intervención?



Como podes contactar co Servizo?

- ✓ **Acceso presencial** a algunha das **23 oficinas oficiais** en todo o territorio nacional.
- ✓ Servizo de **atención telefónica** gratuíto: **021 - 900 20 30 41**.
- ✓ **WhatsApp**: **628 86 05 07**.
- ✓ **Caixa de correo** de incidentes online¹.

Oficina de Galicia:

- ✓ **E-mail**: galicianodiscriminacion@redacoge.org
- ✓ Servizo de **atención telefónica**: **881 91 29 40**.
- ✓ **Dirección**: R/ Vista Alegre, 2, 15005 – A Coruña.



¹Caixa de correo de incidentes online.